



CONCELLO DE RIVEIRA

Regulamento VIII RUTA DO NADAL BTT

1. Organización

Concello de Riveira

2. Data e lugar da actividade.

Domingo 07 de xaneiro de 2018

Saída e chegada: Complexo Deportivo A Fieiteira

Saída ás 09:00 da mañá.

3.- Recollida de dorsais

08.00 a 08.45 horas.

4. Inscricións

O prazo de inscrición remata o día 03 de xaneiro ás 10.00 horas .

O cota da inscrición será de 6 €

Establécese un tope de inscrición máximo de 400 participantes.

5. Dereitos por participar na Ruta

Seguro da actividade

Avituallamento líquido/sólido

Pincho clausura

Servizo de duchas

Auga para lavado de bicicletas

Zona de aparcamento

Asistencia técnica en ruta (Facilitada pola casa comercial Sportbike).

Sorteo de agasallos

6. Participación de menores de 18 anos

A idade mínima de participación é de 16 anos.

Todo menor de idade deberá presentar unha autorización do seu titor legal para poder participar na ruta. O titor deberá estar presente na entrega de dorsais para firmar a correspondente autorización.

7. Equipamento

Para participar, será obrigatorio o uso de casco e uso de roupa deportiva.

O dorsal deberá estar visible en todo momento.

8. Percorrido

Os participantes poderán escoller entre dous percorridos, un de 42 quilómetros e outro de 30 quilómetros aproximadamente, con diferentes niveis de dificultade.

O inicio e fin da marcha terá lugar no Complexo Deportivo A Fieiteira

O transcurso da ruta terá lugar nalgúns tramos por vías abertas ao tráfico, aínda que eses tramos estarán controlados por protección civil e policía local. Será necesario extremar as precaucións e respectar as normas xerais de seguridade viaria.

A Ruta do Nadal non é competitiva.

A marcha será de velocidade libre.

Realizaranse dous avituallamentos líquidos e un sólido .

O corredor deberá seguir o percorrido marcado.

O percorrido estará sinalizado cos mellores medios posibles. Será responsabilidade dos participantes a localización da sinalización.

09.- Seguro

A organización contratará un seguro colectivo de accidentes, para todos os participantes.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer en caso de imprudencias ou por non seguir as normas da proba.



CONCELLO DE RIBEIRA

10. Limpeza e preservación do contorno natural

A ruta do Nadal discorre por un contorno de gran valor natural. Por este motivo, dende a organización faise un chamamento a todos os participantes a respectalo.

No punto de avituallamento disporase de puntos de recollida de residuos onde os participantes poderán depositar papeis, botellas, latas, etc.

A organización poderá expulsar da Ruta (e polo tanto, perder todo dereito a gozar de canto supón ser participante) a calquera persoa que incumpra os puntos anteriores ou manteña outras condutas prexudiciais para o medio.

11.- Aceptación do regulamento

A participación na Ruta implica a aceptación do presente regulamento. O descoñecemento deste non exime á persoa participante do seu cumprimento.

A organización poderá expulsar da Ruta a todo aquel participante que incumpra algún dos puntos citados no presente documento, así como a todo aquel que adopte condutas temerarias, perigosas ou que impidan o bo funcionamento do evento.

TROFEOS

- Club máis numeroso: cando polo menos participen 10 dos seus membros.
- Club máis lonxano: cando polo menos participen 5 dos seus membros.